



- Descargar a aplicación **Layar** nun teléfono ou tableta co sistema operativo de Apple ou Android. É necesario dispoñer de conexión a Internet e ter o GPS ou a localización activados.
- Unha vez aberta Layar, dende o menú débese entrar no Geo Layers. No buscador de capas escribir **Ruta Naufraxios**.
- Ao través da Ruta dos Naufraxios descóbrense 63 naufraxios e 4 puntos de interese na costa de Camariñas, sobre os que se ofrece unha ampla información.
- Dende a aplicación pódense escoitar os relatos que recrean os naufraxios máis destacados.

MÓBILES

INSTRUCCIÓNS PARA ACCEDER A RUTA DENDE DISPOSITIVOS

**80º Aniversario da declaración do Cabo Vilán
SITIO NATURAL DE INTERÉS NACIONAL**

RUTA DOS NAUFRAXIOS

Realidade Aumentada

Rutas guiadas na Costa da Morte

Máis información en <http://farovilan.com>
www.rutadelosnaufraxios.com ; www.camariñas.net

As persoas interesadas deberán inscribirse en info@camariñas.net

Recomendacións: Levar zapatos e roupas cómodas para andar e chubasqueiro ou ropa que protexa da choiva. Móbil xa instalado o Layar e reprodutor de audios, auriculares, comida e auga para tomar no traxecto.

Hora de saída: 12:30 horas

Przas: 50

Lonxitude: 8 km

Saída: Faro Vilán de Camariñas (A Coruña)

Duración: 3 horas e media

Data: 22 de febreiro de 2014

RUTA DOS NAUFRAXIOS Realidade Aumentada



RUTA DOS NAUFRAXIOS. Realidade Aumentada Camariñas (A Coruña)

1 Recepción no Faro Vilán de Camariñas

Presentación da ruta e do grupo. Descarga da aplicación **Layar** nos móbiles e tabletas e explicación do seu funcionamento.

Inicio da ruta inmersos nunha natureza virxe e mítica.

2 Enseada de Arnela

Adentrámonos no corazón da Rede Natura 2000 **Costa da Morte**. Gozaremos dunha fermosa paisaxe na que a torre do Faro Vilán estará sempre á vista. A realidade aumentada ofrecenos información máis polo miúdo do que observamos dende este enclave.

3 Pedra do Oso

O tempo, as forzas da natureza e a nosa imaxinación alíanse para amosar unhas esculturas naturais únicas. Descubriremos pedras lexendarias, testimoñas de catástrofes marítimas como o naufraxio nun 20 de febreiro da embarcación A Cantabria.

4 Foxo dos lobos

As lendas sobre lobos están presentes en tódolos pobos europeos. Sendo unha especie protexida presente aínda no noso territorio, poucos coñecen as construcións que se utilizaban para darlles caza cando foron unha ameaza para as poboacións máis próximas. Este é un dos poucos foxos costeiros de Europa.

5 Cemiterio dos ingleses

Aquí atopamos tanto a pancada do tráxico fundimento do buque escola The Serpent, con 172 mortos, como a fascinación dun lugar mítico e dun contorno privilexiado. Un cemiterio que relata múltiples historias e lembra aos ausentes. Un lugar sinxelo que forma parte da **Ruta Europea de Cemiterios Singulares**. escoitaremos a historia de dúas mulleres conectadas grazas ao cemiterio.

6 Punta do Boi

Espectaculares vistas do perfil do cabo e do Faro Vilán, un dos horizontes máis sobrecolledores da Costa da Morte. Contemplaremos a vexetación e a avifauna deste cabo rodeado de naufraxios, unha testimoña que esperta a imaxinación e deixa interrogantes abertos para a súa investigación.

7 Despedida no Faro Vilán

Un enclave privilexiado e estratéxico para a navegación. Un lugar protexido debido á nidificación de aves singulares. Un faro para alumear os abismos e convivir co contorno deste fin do mundo.

